

## **BASES QUE REXEN A CONVOCATORIA EN CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A AGRUPACIÓNS E CLUBS DEPORTIVOS SEN ÁNIMO DE LUCRO DO CONCELLO DE PONTEAREAS PARA O ANO 2020.**

O Concello de Ponteareas recoñece as funcións do deporte como elemento fundamental na formación integral e mellora da calidade de vida da cidadanía e como favorecedor da cohesión social, considérase de especial interese a actividade deportiva levada a cabo polos clubs e asociacións deportivas

Consecuentemente é necesario destinar recursos económicos ás actividades de fomento, para a concesión de axudas económicas destinadas á promoción da actividade deportiva polas asociacións e clubs privados sen ánimo de lucro, que lles faciliten a consecución dos seus obxectivos, e indirectamente os do Concello de Ponteareas no ámbito deportivo

Estas axudas rexiranse polas seguintes:

### **BASES**

#### **1) OBXECTO DA CONVOCATORIA E PERÍODO SUBVENCIONABLE:**

As presentes bases teñen por finalidade regular a concesión de subvencións destinadas ós clubs e asociacións deportivas do Concello de Ponteareas para a participación e promoción deportiva no ano 2020, en base ó disposto nos artigos 25.2.m) da Lei 7/85 Reguladora das bases de Réxime Local, así como nos artigos 23 e seguintes do Decreto de 17 de xuño polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais. Son obxectivos perseguidos polas axudas reguladas nestas bases a potenciación do deporte, a promoción da práctica deportiva, a creación de canteiras de deportistas no Concello de Ponteareas tanto a curto como a longo prazo, impulsando ademais deste xeito formas de ocio alternativo.

O período que afecta á hora de valorar os criterios e de xustificar a subvención, vai dende a publicación do BOPPO da convocatoria desta subvención no 2019 ata a publicación desta convocatoria actual de 2020 no BOPPO.

#### **2) DOTACIÓN ORZAMENTARIA:**

O importe total que se dispón para o outorgamento das subvención a conceder será de 50.000 Euros da **partida orzamentaria 34000-48901.**

Esta subvención é compatible con outras axudas, de



entidades públicas ou privadas. En ningún caso o importe da subvención municipal poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outros ingresos, subvencións ou axudas, supere o custo da actividade xustificada polo beneficiario.

### **3) BENEFICIARIOS/AS:**

Poderán solicitar estas axudas tódalas asociacións e clubs deportivos do Concello de Ponteareas sen ánimo de lucro legalmente constituídos e que veñan desenvolvendo unha labor de promoción deportiva e de interese para a sociedade dentro do Concello da Ponteareas, os cales deberán cumprir en todo caso os seguintes requisitos:

3.1.—Tratarse de clubs federados en competición de carácter oficial sen ánimo de lucro, con domicilio social no Concello de Ponteareas e que leven a cabo a súa actividade dentro do mesmo.

3.2.—Estar debidamente federadas e inscritas no Rexistro oficial correspondente.

3.3.—Carecer de ánimo de lucro.

3.4.—Non ter ningún tipo de débeda pendente de xustificar co Concello de Ponteareas.

3.5. Estar ao corrente das obrigas tributarias da Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda e coa Seguridade Social.

3.6. Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que son:

- a) Ser condenadas mediante sentenza firme a pena de perda da posibilidade de obter subvencións o axudas públicas.
- b) Solicitar la declaración de concurso, ser declarados insolventes en calquera procedemento, atoparse declarados en concurso, salvo que neste houbo adquirido a eficacia un convenio, estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme a Lei concursal, sen que conclusa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso. *Letra b) do número 2 do artigo 10 redactada polo artigo 26 da Lei 12/2014, 22 decembro, de medidas fiscais e administrativas*
- c) Dar lugar, por causa de que foran declarados culpables, a resolución firme de calquera contrato celebrado coa administración.
- d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís o aqueles que ostenten a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.
- e) Non atoparse ao corrente no cumprimento das obrigacións



tributarias o fronte a Seguridade Social ou ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos que regulamentariamente se determinen.

f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Non atoparse ao corrente de pago de obrigacións por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determine.

h) Haber sido sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a presente lei o la [Lei xeral tributaria](#).

**3.7 Non poderán concurrir a esta convocatoria os clubs ou asociacións deportivas que reciban ou teñan subscrito convenios de axudas directas e nominativas do Concello de Ponteareas no presente ano 2020, coa excepción daquelas axudas directas que teñen como finalidade financiar investimentos e así figure no referidos convenios**

#### **4) PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:**

A convocatoria de subvencións e as presentes bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia na páxina web do Concello de Ponteareas, ademais do taboleiro de anuncios municipal

As solicitudes presentaranse telematicamente a través da sede electrónica do Concello, no prazo de **20 días naturais** a contar dende o día seguinte da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do extracto remitido pola Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS). Non se terán en conta as solicitudes presentadas fora de prazo.

#### **5) DOCUMENTACIÓN:**

Cada club só poderá formular unha única solicitude dunha modalidade deportiva concreta. As solicitudes de subvención deberán presentarse no modelo de solicitude (Anexo I) que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello, e que irá acompañada dos seguintes documentos:

##### **5.1.—Entidades:**

5.1.1.—Modelo de solicitude (anexo I) debidamente cumprimentado e asinado polo/a representante do club, sendo obrigatorio cubrir todos os apartados (Obrigatorio)

5.1.2.—Copia cotexada do CIF (Obrigatorio)

5.1.3.—Certificación da Federación Galega ou estatal correspondente (Obrigatorio), na que se especifique:

5.1.3.1.—A participación dos equipos en competición na tempada 2018/2020.



5.1.3.2.—O número de equipos participantes por categoría do equipo, nivel da competición e sexo.

5.1.3.3.—O número de licenzas por categoría e sexo que participan en competición na tempada **2019/2020**.

5.1.3.4.—A participación do equipo sénior en competición de ámbito nacional na tempada **2019/2020**, con denominación da competición e grao de nivel nacional.

Se algún destes datos non aparece reflectido correctamente na Certificación da Federación correspondente, non lle será tido en conta nin se valorará no apartado de valoración de criterios.

5.1.4.—Copia cotexada títulos dos adestradores do club (Optativo). 5.1.5.—ANEXO III.- Relación na que cada entidade sinale os méritos que

presenta a cada criterio (ver punto 6 nestas bases). Todos aqueles criterios aos que concorran deberán ter algún tipo de xustificante válido (**facturas, certificados federativos,...**) (Obrigatorio).

5.1.6. - Copia Cotexada do DNI do representante e do documento acreditativo da súa representación.

Excepcionalmente, aquelas entidades ou clubs de modalidades deportivas que se desenvolvan durante o ano natural deberán de presentar o certificado da federación, correspondente ó ano 2020.

5.2.—Documentos comúns a todas as solicitudes:

5.2.1.—Ficha de terceiros cuberta -aqueles que non a tivesen cuberto en anos anteriores- (Obrigatorio).

5.2.2.— Certificados da Seguridade Social, Facenda Publica , Axencia Tributaria, Oral e as que fosen necesarias para a comprobación de atoparse ao corrente en obrigas fiscais e coa seguridade social ou autorización asinada para que o Concello consulte os ficheiros (Anexo IV) Obrigatorio

5,2,3- Declaración de non atoparse en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de subvencións ou axudas públicas. (Anexo II)

## **6) CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES:**

As subvencións reguladas nas presentes Bases concederanse en réxime de concorrencia competitiva, polo que as solicitudes que cumpran os requisitos serán avaliadas consonte aos criterios que de seguido se sinalan:

### ***Criterios:***

a. Nivel de competición regular do equipo representativo do club:



- Nivel estatal: 40 puntos.
- Nivel autonómico: 25 puntos.
- Nivel provincial: 15 puntos.
- Nivel comarcal: 10 puntos.
- Probas puntuais non regulares a nivel internacional ou a nivel dos anteriores: Ata 20

b. Número de licenzas federativas segundo certificado federativo da federación correspondente:

- Cada licenza estatal: 1,5 puntos.
- Cada licenza federativa autonómica: 1 puntos.
- As licenzas federativas teñen que estar dadas de alta na federación correspondente, presentando un certificado da federación que así o demostre.

c. Nivel de formación dos técnicos encargados da formación dos equipos das distintas categorías

- Por cada licenciado ou diplomado en Actividade Física ou deportiva, ou curso de adestrador da modalidade (III): 10 puntos.
- Por cada técnico deportivo (grao superior) ou curso de adestrador da modalidade (II): 5 puntos.
- Por cada técnico deportivo (grao medio) ou curso de adestrador da modalidade (I): 3 puntos.
- Monitor deportivo ou adestrador nivel básico: 2 puntos.
- Este apartado terá unha puntuación máxima de 30 puntos.

d. Participación en campionatos da modalidade a nivel estatal ou internacional segundo certificado federativo.

- Participación en ata 3 campionatos: 20 puntos
- Participación en máis de 3 campionatos: 35 puntos.

e. Número de licenzas federativas segundo certificado federativo de menores de 18 anos, participantes en competicións de categorías base.

- Ata 20 licenzas: 10 puntos.
- Entre 21 e 40 licenzas: 20 puntos.
- Entre 41 e 60 licenzas: 28 puntos.
- Máis de 60 licenzas: 36 puntos.

f. Presenza social. Participación en eventos fóra do término municipal de Ponteareas. Ata 20 puntos.

- Actividade de ámbito internacional: 20 puntos.
- Actividade de ámbito estatal: 16 puntos.
- Actividade de ámbito autonómico: 12 puntos.
- Actividade de ámbito provincial ou comarcal: 8 puntos.



g. Gastos derivados do coidado e mantemento de instalacións. Deberá xustificarse con algún tipo de factura.

- Auga, luz e conservación da instalación, 50 puntos
- Conservación da instalación (marcaxe, coidado da herba...) 25 puntos

h. Gastos derivados da adquisición de material ou equipamentos para a práctica deportiva e gastos ocasionados pola situación provocada polo COVID 19, na adaptación do club as medidas de prevención sanitaria dentro das normas marcadas pola administración correspondente. Deberá xustificarse con algún tipo de factura

- De 0 a 500€ : 5 puntos
- De 501 a 1500€: 10 puntos
- De 1501 a 3000€: 18 puntos
- Máis de 3000€: 25 puntos

i. Promoción do deporte feminino.

\_ Entidades exclusivas de deporte feminino, 25 puntos

\_ Entidades que contan con equipos femininos: 10 puntos.

Naquelas entidades onde

non existan equipos propiamente ditos, considerarase sección cada 7

mulleres deportistas na entidade: 10 puntos

j. Gastos federativos de cada entidade. Puntuarase polo total de gastos federativos de toda índole que as entidades deportivas sufragasen durante o período estipulado nas bases.

- De 0 a 1.499,99 € de gasto: 6 puntos.
- De 1.500 a 2.999.99 € de gasto: 12 puntos.
- De 3.000 € ata 9.999.99 € de gasto: 18 puntos.
- Mais de 10.000 € de gasto: 24 puntos.

k. Gastos por traballadores en nómina e/ou gastos por adestradores.

- De 0 a 3999,99 € de gasto: 8 puntos.
- De 4000 € ata 7999,99 € de gasto: 16 puntos.
- De 8000 ata 11999,99 € de gasto: 22 puntos.
- Máis de 12000 € de gasto: 26 puntos.

l. Antigüidade da entidade, 0,5 puntos por ano, ata un máximo de 10 puntos

m. Gastos en desprazamentos para participar nas competicións deportivas :

- De 100 a 1.500 euros de gastos de desprazamentos : 5 puntos
- De 1.501 a 3.000 euros de gastos de desprazamentos : 10 puntos
- De 3001 a 7.000 euros de gastos de desprazamentos : 18 puntos



- Mais de 7.001 euros de gastos de desprazamentos : 25 puntos.

n. Avaliación do esforzo económico.

Correspondendo cos ingresos que xenera a entidade, excluindo as subvencións das administracións públicas. Terase en conta a liquidación da tempada anterior.

Máis do 10% e ata o 30% do orzamento, 10 puntos.

Ata o 50% do orzamento, 20 puntos

Ata o 70% do orzamento, 30 puntos

## **7) CLÁUSULA SOCIAL**

As entidades deportivas que teñan categorías base, que concorran nestas subvencións e acaden axuda económica por parte do Ilmo. Concello de Ponteareas, comprométense, obrigatoriamente, a:

- Reservar ata un 20 % das prazas por clase para menores de 16 anos que se atopen na seguinte casuística: menores cuxos proxenitores (pai e nai) teñan a condición de parados de longa duración(máis de 18 meses en desemprego); fillos de mulleres incluídas en programas de acollemento por violencia de xénero; fillos de persoas procedentes de situacións de risco social, comprometéndose a non cobrarlle taxa algunha.

Todos estes rapaces e rapazas deberán estar acreditados polas Unidades de Traballo Social do Concello de Ponteareas. Esta cláusula non será efectiva ata que se estableza un protocolo de actuación entre os Servizos Sociais do Concello de Ponteareas, a Concellería de Deportes e as entidades deportivas que teñan categorías de deportes base, onde se terán en conta outras necesidades específicas que cada modalidade deportiva requira, e sexa aprobado na Xunta de Goberno Local.

## **8) IMPORTES DAS SUBVENCIÓNS**

Ningún club ou asociación deportiva poderá obter unha subvención por valor de máis de 5000 euros.

## **9) ÓRGANO COMPETENTE E PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN:**

As solicitudes presentaranse a través do Rexistro de Entrada do Concello de Ponteareas, nos prazos indicados no punto 4º das presentes Bases.

A concesión das axudas realizarase polo sistema de concorrencia competitiva.

O órgano encargado da instrución do procedemento será a



persoa encargada do Departamento de Deportes do Concello de Ponteareas que acordará todas as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe pronunciarse a resolución.

Todas as notificacións derivadas das actuacións de instrución se realizarán a través do taboleiro de anuncios do Concello de Ponteareas, na páxina web e a través de notificación persoal.

Mediante proposta de resolución da concelleira de deportes ou persoa en quen delegue, tras informe do instrutor, publicarase na localización web e no taboleiro de anuncios do Concello a relación provisional das solicitudes presentadas, admitidas e excluídas, con expresión da causa de exclusión e necesidade de subsanación no prazo de dez días hábiles dende o seguinte á publicación. En caso de non emendar a causa de exclusión terase por desistida a solicitude.

Unha vez transcorridos os prazos de emenda publicarase nos mesmos medios a relación definitiva de admitidos e de excluídos.

O órgano instrutor, como órgano instrutor, elaborará un informe previo sobre as solicitudes admitidas que se lle trasladarán á Comisión de Avaliación.

A Comisión de Avaliación estará integrada polos seguintes membros:

Presidencia: A Concelleira de Deportes ou persoa en que delegue.

Vogais: - Un técnico ou persoal adscrito ao departamento de secretaría.

- Un técnico ou persoal adscrito ao departamento de Intervención.

- Unha persoa do departamento de deportes (con voz e sen voto) que actuará como secretaria da Comisión Avaliadora.

Á hora da Valoración, poderá estar presente calquera membro do goberno así como outros técnicos que a Comisión de Valoración estime oportuno, todos eles con voz pero sen voto.

Á vista do informe do instrutor do expediente, da proposta de resolución formulada pola Comisión de Avaliación, a Concelleira de Deportes elevará unha proposta de concesión ao Alcalde previo informe da Intervención municipal. O Alcalde será o órgano competente para a adopción do acordo de concesión de subvencións. Este acordo esgotará a vía administrativa.

## **10) PUBLICIDADE DAS SUBVENCIÓNS**

A resolución das subvencións notificaranse individualmente e publicarase no Taboleiro de Anuncios do Concello e na web municipal, indicando a puntuación obtida por cada solicitude, o importe subvencionado e/ou os motivos da denegación. Tamén





se remitira a resolución na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

### **11) OBRIGAS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS:**

Os clubs subvencionados ao abeiro destas bases quedarán obrigados a colaborar co Concello naquelas actividades deportivas **que a administración local organice, sempre que lle sexa requirido.**

Os clubs e deportistas subvencionados ao abeiro destas bases farán constar na súa publicidade, **instalacións e indumentaria deportiva de nova adquisición** o patrocinio do Concello de Pontearreas. **Así mesmo, as publicacións que se realicen sobre eventos regulares deberán estar redactadas en galego.**

### **12) XUSTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES E PAGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS:**

Para o abono de ata o 100% do importe das subvencións económicas concedidas, será imprescindible acreditar polos perceptores/as a aplicación efectiva dos fondos percibidos con destino á finalidade que motivou a concesión mediante a presentación da seguinte documentación debidamente cumprimentada:

a) Facturas relacionadas coa actividade subvencionada e por un importe superior á cantidade concedida. So se admitirán facturas orixinais ou fotocopias cotexadas emitidas con posterioridade a realización dos gastos (adquisición de subministros, prestación de servizos, ...) e nas que ademais de reunir todos os requisitos legais, deberán figurar en detalle todos os conceptos incluídos na mesma, e a constancia expresa de "Cobrada, asinada e indicando o nome, apelidos e o DNI", pola persoa representante da empresa, que recibe o pagamento ou mediante xustificante da transferencia bancaria.

b) Indicación expresa de que se realizou o fin para o que a subvención foi concedida e declaración doutras axudas e/ou subvencións concedidas con expresión, no seu caso de que o conxunto das axudas percibidas non superaron o gasto realizado

d) Memoria cuantificada das actividades realizadas e ingresos obtidos, onde os gastos deben de coincidir cos ingresos.

d) As actividades subvencionadas terán que realizarse na tempada obxecto da presente convocatoria.

e) **As subvencións xustificaranse antes do 30 de novembro de 2020**

Non serán gastos subvencionables:

- Os xuros debedores de contas bancarias.
- Os xuros, recargas e sancións administrativas.



- Os gastos de procedementos xudiciais.
- Os gastos que traian causa de dieta dos membros dos clubs ou deportistas, agás nos casos que se xustifique e se constate a asistencia a unha actividade deportiva ou campionato na que se participe.

O pagamento realizarase unha vez que os e as beneficiarias xustifiquen os gastos ocasionados na execución das actividades subvencionadas, sempre dentro do prazo sinalado no punto e).

Importe xustificativo: Terase en conta como importe xustificativo a Base Impoñible do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, excepto que se acredite debidamente mediante o certificado da axencia Tributaria que a entidade está exenta do IVE.

A falla de presentación da xustificación no prazo establecido anteriormente levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

### **13) CONTROL DA APLICACIÓN DO GASTO:**

A Delegación de Deportes do Concello poderá solicitar en calquera momento as explicacións e documentos que considere necesarios para o oportuno seguimento das actividades subvencionadas.

### **14) RÉXIME SANCIONADOR:**

Sen prexuízo do disposto na normativa xeral e nas Bases de Execución do Orzamento Municipal en materia de subvencións, os perceptores destas subvencións veranse na obriga de devolver as cantidades percibidas para o suposto de que incumpran algunha das condicións das bases recollidas na presente normativa.

### **15) RÉXIME XURÍDICO:**

Nos aspectos non especificados nestas bases, as presentes axudas regularanse polo disposto na normativa xeral reguladora de subvencións, en especial, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

O que se fai público aos efectos da apertura do prazo de presentación de solicitudes de subvencións polas persoas ou entidades que correspondan, tal e como se recolle nas indicadas Bases.

O que se fai público os efectos oportunos.



## ANEXO I: MODELO DE SOLICITUDE

### 1. DATOS DE IDENTIFICACIÓN:

<b>ENTIDADE SOLICITANTE:</b>	
<b>DOMICILIO SOCIAL:</b>	
<b>LOCALIDADE:</b>	<b>CÓDI GO POST AL:</b>
<b>REPRESENTAN TE DA ENTIDADE:</b>	



<b>TELÉFONO:</b>	<b>CORREO ELECTRÓNICO:</b>
------------------	----------------------------

**2. DATOS DEPORTIVOS:**

<b>DISCIPLINA DEPORTIVA</b> :	<b>EQUIPO DE REFERENCIA:</b>
----------------------------------	------------------------------



<b>CATEGORÍA DO EQUIPO DE REFERENCIA:</b>	<b>Nº DE LICENZAS FEDERATIVAS</b> :
<b>FEDERACIÓN A QUE PERTENCE:</b>	
<b>INSTALACIÓN DE USO HABITUAL:</b>	

<b>Declaro que:</b> <b>A Entidade que represento reúne todos e cada un dos requisitos da convocatoria.</b> <b>Os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.</b> <b>Acepto expresamente as Bases da convocatoria de subvención.</b>	
<b>LUGAR E DATA:</b>	<b>SINATURA</b>
En ..... a ..... dede 2020	

## ANEXO II

D. /D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_,  
 con DNI nº \_\_\_\_\_, como representante da entidade deportiva \_\_\_\_\_

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE QUE a entidade non se

atopa incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que son:

a) Ser condenadas mediante sentenza firme a pena de perda da posibilidade de obter subvencións o axudas públicas.

**b) Solicitar la declaración de concurso, ser declarados insolventes en calquera procedemento, atoparse declarados en concurso, salvo que neste houberse adquirido a eficacia un convenio, estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme a Lei concursal, sen que conclusa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso. Letra b) do número 2 do artigo 10 redactada polo artigo 26 da Lei 12/2014, 22 decembro, de medidas fiscais e administrativas**

c) Dar lugar, por causa de que foran declarados culpables, a resolución firme de calquera contrato celebrado coa administración.



d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís o aqueles que ostenten a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.

e) Non atoparse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias o fronte a Seguridade Social ou ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos que regulamentariamente se determinen.

f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Non atoparse ao corrente de pago de obrigacións por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determine.

h) Haber sido sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a presente lei o la [Lei xeral tributaria](#).

Ponteareas a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2020



### ANEXO 3 .- RELACIÓN DE MÉRITOS

CLUB: \_\_\_\_\_

CIF: \_\_\_\_\_

MODALIDADE: \_\_\_\_\_

Relación de méritos de acordo co artigo 6 das bases:

A) Nivel de competición regular do equipo representativo do club: \_\_\_\_\_

B) Número de licenzas federativas: estatal: \_\_\_\_\_  
autonómica: \_\_\_\_\_

C) Nivel de formación dos técnicos  
numero: \_\_\_\_\_ categoría: \_\_\_\_\_  
numero: \_\_\_\_\_ categoría: \_\_\_\_\_  
numero: \_\_\_\_\_ categoría: \_\_\_\_\_  
numero: \_\_\_\_\_ categoría: \_\_\_\_\_

D) Participación en campionatos da modalidade a nivel estatal ou internacional \_\_\_\_\_

E) Número de licenzas federativas de menores de 18 anos:

F) Participación en eventos fóra do término municipal de Ponteareas  
Numero \_\_\_\_\_ Ámbito \_\_\_\_\_  
Numero \_\_\_\_\_ Ámbito \_\_\_\_\_  
Numero \_\_\_\_\_ Ámbito \_\_\_\_\_

G) Gastos derivados do coidado e mantemento de instalacións

H) **Gastos derivados da adquisición de material ou equipamentos para a práctica deportiva:**

I) DEPORTE feminino:  
Exclusivo \_\_\_\_\_  
con equipo feminino \_\_\_\_\_  
Mixto \_\_\_\_\_

J) Gastos federativos \_\_\_\_\_

K) Gastos por traballadores en nómina e/ou gastos por adestradores

L) Ano de fundación da entidade \_\_\_\_\_



M) Gastos en desprazamentos para participar nas competicións deportivas : \_\_\_\_\_

N) Porcentaxe de ingresos propios da entidade \_\_\_\_\_

#### ANEXO IV

D. /D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_,  
con DNI nº \_\_\_\_\_, como representante da  
entidade deportiva \_\_\_\_\_





DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE QUE en  
cumprimento

do punto 3,1,5 da cláusula 3º das bases de convocatoria, e de  
acordo co punto 5,2,2 da cláusula 5ª, AUTORIZO ao Concello de  
Ponteareas para o acceso aos ficheiros das administracións  
publicas co fin de realizar as comprobacións de atoparse  
ao corrente das obrigas coa Axencia Tributaria, coa Seguridade  
Social, coa Facenda Publica da Comunidade Autónoma De  
Galicia e cos tributos municipais.

Ponteareas a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2020

**Asdo.:**

